

Federación Galega de Espeleoloxía

Respectar o medio ambiente das covas é respectar a vida, por iso **non esquezas**

Coidar

Non deixando nada atrás, agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural: covas e zonas kársticas axudan ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros marcados e minimiza o risco de accidentes

Desfrutar

Apreciando a beleza natural e os seus valores arqueolóxicos e paleontolóxicos

DMA-2022: Unha sóa Terra



WORLD ENVIRONMENT DAY 2022

UN environment programme

50 1972-2022

ATLAS GALEGO DE COVAS E CANÓNS
SESIÓN DE CAMPO 05/2022

Xeoposicionar – Explorar – Topografiar

**Furnas na Mariña Central
(Burela e Foz)**
4 e 5 de xuño de 2022

Atlas de Covas e Canóns de Galicia

Regulamento

Programa da actividade

Sesión de campo P.E.R. ATLAS 05/2022

O P.E.R. Atlas ten coma obxectivo a creación dun XeoServer coas covas e cañóns de Galicia. En relación coas covas, o Atlas inclúe todo tipo de cavidades cársticas (en calías e dolomías), paracársticas (en cuarcitas e algúns tipos de areíscas), psuedocársticas (en esquistos, pizarras, granitos, conglomerados non carbonatados, ...) e cavidades artificiais (e de consecuencia). As covas incluídas no Atlas deben ter máis de 5 m de desenvolvemento total ou ser formas relevantes dende un punto de vista xeolóxico, xeomorfolóxico ou patrimonial.


A sesión 05/2022 desenvolverase entre os afloramentos de cuarcitas, calizas e granitos do litoral da Mariña Central (Burela e Foz) co obxectivo de avanzar na exploración, xeoposicionamento e topografía das cavidades desta zona.

As topografías desenvolveranse cos criterios marcados para o atlas, orientadas á elaboración de modelos dixitais cos que producir capas SHP para o XeoServer.

Contacto

atlas.cavidades@espeleoloxia.org

atlas.espeleoloxia.org



O campamento base é Centro Cívico* cedido pola AGRUPACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA "OS CASTROS" CANGAS (FOZ) para o desenvolvemento desta actividade.

Sábado 4 de xuño

- 09:00 Recepción dos participantes no campamento base
- 09:30 Organización de equipos de exploración e topografía.
- 17:00 Posta en común e postprocesamento de datos
- 21:00 Cea de confraternidade

Domingo 5 de xuño

- 09:30 Organización de equipos de exploración e topografía.
- 13:00 Posta en común e postprocesamento de datos
- 15:00 Peche da sesión PER Atlas 05/2022

Equipamento

Os participantes virán equipados co equipo espeleolóxico individual e vertical. Nalguns afloramentos pode ser necesario o uso de material de vertical.

A pernocta no albergue require saco e esterilla.

O xantar (bocata, froita e auga) o aporta a organización. Almorzo e cea por conta dos participantes..

Complementariamente GPS, equipo de topografía, así como outras ferramentas de campo (QFIELD) e gabinete (portátil QGIS, Compass).

F.G.E. Prazas

15 prazas con prioridade aos participantes nos cursos de QGIS/Topo organizados pola FGE. Por orde de inscrición.

• Data límite de inscrición 31 de maio de 2022 ás 23:59 h.

(*) Geográficas: ETRS89 43.6285868,-7.3372117; Plus code: JMH7+PQ Foz